



CONVENIO DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA COA AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS EXTERNAS EXTRACURRICULARES DO ESTUDANTADO DA ESCOLA TÉCNICA SUPERIOR DE ENXEÑEIROS DE CAMIÑOS, CANAIS E PORTOS

Na nova ordenación das ensinanzas universitarias derivada da adaptación ao Espazo Europeo de Educación Superior, ponse unha especial énfase na realización de prácticas externas con valor académico en entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, desde a consciencia de que a combinación dunha axeitada formación teórica universitaria co coñecemento aplicado das técnicas e das metodoloxías desenvolvidas no campo profesional, constitúe a base máis sólida para a súa formación integral, ao capacitalos correctamente para a súa futura inserción no mercado laboral.

É por iso que

COMPARECEN

Por unha banda, D. Julio E. Abalde Alonso, Reitor Magnífico da Universidade da Coruña, con enderezo social na rúa Maestranza s/n da Coruña e con CIF Q-6550005J, en nome e en representación da citada institución, no uso das atribucións que lle confire o art. 36.1.f) dos Estatutos desta universidade, aprobados polo Decreto 101/2004, de 13 de maio, da Xunta de Galicia (DOG de 26 de maio), modificado polo Decreto 194/2007 de 11 de outubro, polo que outorgan ao reitor a facultade para asinar convenios en nome da Universidade da Coruña.

Por outra banda, dona Ethel M^a Vázquez Mourelle, Presidenta da Axencia Galega de Infraestruturas, en virtude das facultades que lle atribúe o artigo 9.2 a) do Decreto 173/2011, do 4 de agosto, polo que se aproba o Estatuto da Axencia Galega de Infraestruturas.

Ambas as entidades recoñécense a súa respectiva personalidade e competencia para outorgar o presente convenio, polo que:

ACORDAN

O establecemento dun convenio de colaboración educativa para a realización de prácticas académicas externas extracurriculares, de conformidade co Regulamento de Prácticas Académicas Externas da UDC, aprobado polo seu Consello de Goberno do 23 de abril de 2013 e modificado polo acordo do Consello de goberno do 27 de febreiro de 2015 e as seguintes



CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto.

Este convenio ten por obxecto permitir aos estudantes da (Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos) da Universidade da Coruña (en diante, o Centro) realizar prácticas académicas externas extracurriculares (en diante, Prácticas) nos centros de traballo da Axencia Galega de Infraestructuras (en diante, a Entidade).

As prácticas extracurriculares son aquelas que, tendo un fin similar aos da prácticas curriculares, non forman parte do plan de estudos correspondente, e que os estudantes poden levar a cabo con carácter voluntario durante o seu período de formación.

SEGUNDA.- Beneficiarios/as

Poderán ser beneficiarios deste programa aqueles estudantes matriculados nalgunha titulación do Centro que superasen o 50% dos créditos necesarios para obter o título oportuno e que superaren o proceso selectivo que se establecer.

No caso dos estudantes de mestrado, a porcentaxe anterior será do 30%.

Non poderán ser beneficiarios deste programa os estudantes que manteñan algunha relación contractual coa Entidade, agás autorización obtida de acordo coa normativa interna da Universidade da Coruña.

TERCEIRA.- Duración

Durante o período lectivo as Prácticas non excederán as 750 horas, cunha distribución horaria que permita a dedicación simultánea aos estudos e ás Prácticas.

Excepcionalmente, nos casos en que o/a estudantes tiver unha carga lectiva moi reducida para finalizar a titulación oficial poderá realizarse unha xornada ampla, sen superar as 40 horas semanais e 8 diarias, sempre coa autorización do titor ou titora académico/a.

CUARTA.- Proceso selectivo

O Centro, após a difusión pública do programa de Prácticas, fará unha selección. Así mesmo comunicaralles aos estudantes seleccionados o lugar e a data en que deberán presentarse na Entidade.

QUINTA.- Obrigas e dereitos dos estudantes

Durante a realización das prácticas, o/a estudante comprometerase a cumprir as condicións concretas establecidas; a realizar as actividades que a Entidade lle encomendar dentro do proxecto formativo fixado; a respectar os regulamentos e as normas da Entidade; a gardar unha absoluta confidencialidade sobre os acontecementos



e os documentos da Entidade (mesmo unha vez finalizado o contrato de prácticas) e a manter o contacto cos seus titores.

Aos estudantes garantiráselles, en todo caso, os dereitos seguintes:

- a) Á tutela, durante o período de duración da correspondente práctica, por un profesor da universidade e por un profesional que preste servizos na empresa, institución ou entidade onde se realice esta.
- b) Á avaliación de acordo cos criterios establecidos pola universidade.
- c) Á obtención dun informe por parte da entidade colaboradora onde realizou as prácticas, con mención expresa da actividade desenvolvida, a súa duración e, se é o caso, o seu rendemento.
- d) A percibir, nos casos en que así se estipule, a achega económica da entidade colaboradora, en concepto de bolsa de axuda ao estudo.
- e) Á propiedade intelectual e industrial nos termos establecidos na lexislación reguladora da materia.
- f) A recibir, por parte da entidade colaboradora, información da normativa de seguridade e prevención de riscos laborais.
- g) A cumprir coa súa actividade académica, formativa e de representación e participación, logo de comunicación con antelación suficiente á entidade colaboradora.
- h) A dispor dos recursos necesarios para o acceso dos estudantes con discapacidade á tutela, á información, á avaliación a ao propio desempeño das prácticas en igualdade de condicións.
- i) A conciliar, no caso dos estudantes con discapacidade, a realización das prácticas con aquelas actividades e situacións persoais derivadas ou conectadas coa situación de discapacidade.
- j) Gozaren dos permisos recoñecidos na legalidade vixente.

Unha vez finalizado o seu período de prácticas, o/a estudante terá que elaborar unha memoria final da que fará entrega ao titor ou á titora académico/a. Na devandita memoria final deberán recollerse as seguintes informacións:

- a) Datos persoais do ou a estudante.
- b) Entidade colaboradora en que realizou as prácticas e localización do centro de traballo.
- c) Descrición concreta e detallada das tarefas e os traballos desenvolvidos, así como dos departamentos da Entidade a que foi asignado/a.
- d) Valoración das tarefas executadas e dos coñecementos e competencias adquiridos en relación cos estudos universitarios.



- e) Relación dos problemas xurdidos e procedemento seguido para a súa resolución.
- f) Identificación das adquisicións que, en materia de aprendizaxe, supuxeron as prácticas.
- g) Avaliación das prácticas e suxestións de mellora.

SEXTA.- Obrigas da entidade

A Entidade comprométese a fixar o proxecto formativo que efectuará cada estudante, e a respectar os dereitos dos estudantes relativos á protección dos seus datos de carácter persoal. En todo caso, o proxecto formativo ha de ser conforme aos principios de inclusión, igualdade de oportunidades, non-discriminación e accesibilidade universal.

As tarefas que realizarán os estudantes en prácticas estarán relacionadas co seu nivel de estudos e de formación académica.

Unha vez finalizadas as prácticas, a Entidade expedirá ao ou á estudante un certificado acreditativo da súa realización e das súas características. Alén disto, remitirá debidamente cuberto ao centro o informe de seguimento final das prácticas, en que deberán constar os seguintes aspectos:

- a) Capacidade técnica do ou a estudante.
- b) Capacidade de aprendizaxe.
- c) Administración e organización dos traballos.
- d) Habilidades de comunicación oral e escrita. No caso daqueles estudantes con discapacidade que presentaren dificultades na expresión oral, deberá indicarse o seu grao de autonomía para esta habilidade e se requiren algún tipo de apoio técnico e/ou humano.
- e) Sentido da responsabilidade.
- f) Facilitade de adaptación.
- g) Creatividade e iniciativa.
- h) Implicación persoal.
- i) Motivación.
- j) Receptividade ás críticas.
- k) Puntualidade.
- l) Relacións co seu entorno laboral.
- m) Capacidade de traballo en equipo.
- n) Aqueles outros aspectos que se consideraren oportunos.

SÉTIMA.- Obrigas do centro

O centro comprométese a pór a disposición dos estudantes os modelos de solicitude para participar no programa de prácticas, así como a pór a disposición da Entidade os modelos para que esta lle traslade a súa oferta de prácticas.

De igual xeito, o centro comprométese a convocar, difundir entre o seu alumnado e tramitar as ofertas de prácticas que recibir da Entidade no marco deste convenio.



OITAVA.- Relación entre a Entidade e os estudantes en prácticas.

Das prácticas non se derivarán as obrigas propias dun contrato laboral, nin terán dotación económica obrigatoria por parte da Entidade.

A Entidade poderá interromper unhas prácticas cando considerar que o/a estudante vulnerou gravemente as súas obrigas, o que lle comunicará ao ou á representante do centro.

Se o/a estudante se incorpora á Entidade ao acabar os seus estudos, o tempo de prácticas non se computará aos efectos de antigüidade, nin eximirá do período de proba, agás que o convenio colectivo de aplicación tivese estipulado algo distinto.

NOVENA.- Titores

Os estudantes en prácticas que se acolleren a este programa disporán dunha tutoría académica e outra profesional. O titor ou a titora académico/a será un/ha profesor/a do centro, mentres que o titor ou a titora profesional será un/ha profesional da Entidade. Os dous titores supervisarán as funcións levadas a cabo polos estudantes durante as súas prácticas, asistirános no que for preciso e avaliarán o aproveitamento das prácticas.

Os titores académicos e profesionais poderán obter da Universidade da Coruña o recoñecemento da súa actividade de conformidade coa normativa interna de aplicación.

Os titores profesionais e académicos terán os seguintes dereitos:

- a) Ao recoñecemento da súa actividade colaboradora, por parte da universidade, nos termos previstos no presente convenio de cooperación educativa e no Regulamento de Prácticas da UDC.
- b) A ser informado acerca da normativa que regula as prácticas externas así como do proxecto formativo e das condicións do seu desenvolvemento.
- c) Ter acceso á universidade para obter a información e o apoio necesarios para o cumprimento dos fins propios da súa función.

Os titores profesionais deberán cumprir as obrigas seguintes:

- a) Acoller o estudante e organizar a actividade que vai desenvolver de acordo co establecido no proxecto formativo.
- b) Supervisar as súas actividades, orientar e controlar o desenvolvemento da práctica cunha relación baseada no respecto mutuo e o compromiso coa aprendizaxe.
- c) Informar ao estudante da organización e funcionamento da entidade e da normativa de interese, especialmente a relativa á seguridade e riscos laborais.
- d) Coordinar co titor académico da universidade o desenvolvemento das actividades establecidas no convenio de cooperación educativa, incluíndo aquelas modificacións do plan formativo que poidan ser necesarias para o normal desenvolvemento da práctica, así como a comunicación e resolución de posibles incidencias que poidan



xurdir no seu desenvolvemento e o control de permisos para a realización de exames.

- e) Emitir os informes que corresponda.
- f) Proporcionar a formación complementaria que precise o estudante para a realización das prácticas.
- g) Proporcionar ao estudante os medios materiais indispensables para o desenvolvemento da práctica.
- h) Facilitar e estimular a achega de propostas de innovación, mellora e emprendemento por parte do estudante.
- i) Facilitarlle ao titor académico da universidade o acceso á entidade para o cumprimento dos fins propios da súa función.
- j) Gardar confidencialidade en relación con calquera información que coñeza do estudante como consecuencia da súa actividade como titor.
- k) Prestara axuda e asistencia ao estudante, durante a súa estadía na entidade, para a resolución daquelas cuestións de carácter profesional que poida necesitar no desempeño das actividades que realiza nela.

O titor ou a titora académico/a terá as seguintes obrigas:

- a) Velar polo normal desenvolvemento do proxecto formativo, garantindo a compatibilidade de horario de realización das prácticas coas obrigas académicas, formativas e de representación e participación do estudante.
- b) Facer un seguimento efectivo das prácticas coordinándose para iso co titor da entidade colaboradora e vistos, se for o caso, os informes de seguimento.
- c) Autorizar as modificacións que se produzan no proxecto formativo.
- d) Levar a cabo o proceso avaliador das prácticas do estudantes tutelado, á vista da memoria final presentada polo/a estudante e o informe do titor ou a titora da entidade colaboradora, mediante o correspondente informe.

DÉCIMA.- Seguro escolar

Os estudantes menores de 28 anos están cubertos polo seguro escolar obrigatorio que pagan coa matrícula. Os estudantes maiores de 28 anos deberán contratar, de ser o caso, o seguro Hac Luce Accidentes. Este seguro poderá ser contratado tamén polo resto do estudantado. A maiores, a entidade colaboradora poderá suscribir ao seu cargo un seguro adicional para os estudantes.

A responsabilidade civil de danos a terceiros que eventualmente puiden ocasionarse quedará cuberta pola póliza que a Universidade da Coruña ten subscrita para estes efectos.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Remisión aos anexos

Para cada práctica individual formalizaranse os anexos a este convenio, de acordo cos modelos que se achegan.



En cada anexo figurarán os datos do convenio de referencia; os datos persoais do ou da estudante; o lugar en que se realizarán as prácticas; o nome dos titores; as datas de inicio e fin das prácticas; o total de horas e a súa distribución temporal; o proxecto formativo obxecto das prácticas que levará a cabo o/a estudante; a posible bolsa ou axuda ao estudo e o tipo de seguro que dará cobertura ao ou á estudante.

Os anexos serán asinados polos estudantes, unha persoa representante da Entidade e outra representante do Centro ou da titulación impartida.

En caso de incumprimento, a Entidade poderá instar a rescisión anticipada das prácticas.

O recoñecemento académico das prácticas académicas externas extracurriculares realizárese de acordo coas normas e os procedementos establecidos pola Universidade da Coruña, e incorporárase ao Suplemento Europeo ao Título (SET) de conformidade coa normativa de aplicación.

DÉCIMO SEGUNDA.- Resolución de conflitos

As cuestións litixiosas que xurdiren respecto da interpretación, a modificación, a resolución e os efectos deste convenio serán resoltas de mutuo acordo polas partes.

DÉCIMO TECEIRA.- Vixencia.

A vixencia deste convenio esténdese dende a sinatura do mesmo ata o 31 de decembro de 2017.

No entanto, a denuncia do convenio non afectará as prácticas que xa se viñesen realizando no momento de efectualas.

En proba de conformidade, asíñase este convenio en exemplar triplicado en todas as súas follas, para un só efecto, no lugar e a data que se indican a seguir:

Santiago de Compostela, 1 de xuño de 2017

A PRESIDENTE DA AXENCIA GALEGA DE
INFRAESTRUTURAS

O REITOR DA UNIVERSIDADE
DA CORUÑA

Ethel M^a Vázquez Mourelle

Julio E. Abalde Alonso